



CLUB DE LECTURA DA E.O.I.



Nome do club: Hora de ler

Coordinadora: Isabel Salanova

Correo electrónico: isalanova@edu.xunta.es/ isalanova@hotmail.com

Horarios de biblioteca da coordinadora

Isabel Salanova: Luns, martes, xoves e venres de 12:30 a 14:00 horas.

Os compoñentes do club poden pasar pola biblioteca en calquera destas horas para facer as devolucións dos libros ou para a recollida dos mesmos. **É moi importante que só pasen a estas horas pola mañá.**

Horario de Yi Ju Chang para entregar e recoller as lecturas:

Martes de 19:15 a 20:15 e mércores de 17:45 a 18:45 **no departamento de chinés. É moi importante que só pasen a estas horas pola tarde.**

Reunión informativa para a constitución do club: Día 17 de Outubro de 2017. Horas: Martes día 17 de Outubro ás 12:45 horas en horario de mañá **na biblioteca** e ás 19:15 horas en horario de tarde **na aula multimedia.**

Tema do club de lectura: *Herencia cultural europea: Capitales europeas 2018 (Leeuwarden e La Valetta).*

Lecturas: A primeira lectura será “A boca do monte” de Celia Díaz Núñez en galego. A segunda lectura “Las chicas de septiembre” (parte da novela está ambientada en Malta) da escritora británica Maureen Lee; “Guía del buen ladrón. Amsterdam” do escritor británico Chris Ewan, e “Europa Express” da escritora galega Andrea Maceiras (ambientada en Galicia e en distintas partes de Europa)

Haberá 4 sesións ao longo do curso e dous grupos, un grupo de mañá e outro grupo de tarde. O grupo de mañá será levado pola coordinadora e o grupo de tarde será levado pola profesora de chinés, Yi Ju Chang. As actividades serán as mesmas nos dous grupos.

◆ **Actividades específicas de impulso á lectura en galego:**

- Durante este curso haberá unha colaboración entre o club de lectura e o equipo de dinamización da lingua galega para realizar unha serie de actividades de impulso á lectura en galego. Entre as actividades teño que destacar unha ruta literaria por Montefurado, Margaride e Quiroga coa escritora Celia Díaz Núñez o día 4 de Novembro. Leremos a súa novela “A boca do monte”. Tamén nos dará unha conferencia na escola.

- Unha ruta literaria por Galicia, cara mediados de xuño.

◆ **Actividades previstas:**

- Este curso dúas das lecturas estarán relacionadas coa literatura europea, en concreto coa literatura holandesa e maltesa, dado que o ano 2018 é o ano europeo do patrimonio cultural e as capitais culturais europeas elixidas este ano foron La Valetta (Malta) e Leeuwarden (Holanda).

- Unha ruta literaria a Holanda onde visitaremos Leeuwarden, e tamén percorrерemos outros lugares de Holanda onde está ambientada unha das novelas seleccionadas. Esta viaxe terá lugar na ponte das letras galegas no mes de maio.

A primeira sesión terá lugar o día 9 de xaneiro na biblioteca ás 12:40 horas en horario de mañá e ás 19:15 en horario de tarde. Nesta sesión haberá un debate sobre a lectura **A boca do monte**. As sesións poderán durar unha hora. Ao rematar a sesión os membros do club levarán para a casa a segunda lectura.

A segunda sesión terá lugar o día 6 de marzo, ás 19:15 horas en horario de tarde e ás 12:40 en horario de mañá, na biblioteca. O alumnado traerá lido o libro **Las chicas de septiembre** e debaterase sobre el. O alumnado levará para a casa a seguinte lectura.

A terceira sesión terá lugar o día 8 de maio, ás 19:15 horas en horario de tarde e ás 12:40 en horario de mañá, na biblioteca. Haberá unha presentación sobre o libro lido **“Guía del buen ladrón”. Amsterdam**. O alumnado levará para a casa a seguinte lectura **“Europa Express”**.

A cuarta sesión terá lugar o 14 de xuño, ás 19:15 horas en horario de tarde e ás 12:40 en horario de mañá, na biblioteca. O alumnado traerá lido a novela da escritora Andrea Maceiras e comentáremolo nesta sesión.

Nas restantes sesións levaremos a cabo actividades lúdicas relacionadas coas lecturas tratadas ao longo do curso. Xuntaranse os dous grupos e organizaranse saídas comúns:

- Día 4 de Novembro unha ruta literaria por Montefurado en compañía da escritora Celia Díaz Núñez.
- A mediados de xuño, unha ruta literaria por Galicia.
- Na ponte das letras galegas unha ruta literaria a Holanda.
- Entrevista e conferencia coa escritora Celia Díaz Núñez na E.O.I. de Ourense.